

Educación Ambiental nos centros educativos

José María de Pedro Corrales Vázquez

Departamento de Didáctica das Ciencias. Universidade de Extremadura. Director Xeral de comunicación cultural da Junta de Extremadura (España)

Resulta difícil o intento, nunha colaboración como esta, de dar resposta a cal é a situación da Educación Ambiental nos centros educativos. Resulta máis difícil, aínda, cando o público destinatario desta procede de diferentes sectores, ten distinta formación e só ten en común o seu traballo na Educación Ambiental, en ámbitos diversos e con diferentes dedicacións.

Se seguimos os principios didácticos cabería, antes de comezar, coñecer cales son as ideas previas e as preconcepcións dos destinatarios destas reflexións. Iso permitiría coñecer mellor a situación de partida e detectar preconcepcións erróneas.

Como exemplo, suxerimos algunhas preguntas para, polo menos, facilitar a autorreflexión:

Cantos de nós traballamos sobre Educación Ambiental no sistema educativo?

Interesa realmente a Educación Ambiental á comunidade educativa?

Interesa ao profesorado? A todo? Quizais só ao de Ciencias Experimentais?

Interesa ao alumnado? É a Educación Ambiental un tema de interese para os mozos?

Preocúpalles o medio?

Interesa aos pais e ás nais? Consideran que se trata dunha materia verdadeiramente importante para o futuro dos seus fillos?

Trabállase sobre Educación Ambiental nas academias e noutros centros formativos, ademais do inglés ou das matemáticas?

Interesa ás administracións públicas? A cales?

Ten o profesorado unha formación axeitada para ensinar Educación Ambiental?

A formación inicial e permanente do profesorado de Educación Ambiental é a axeitada?

Desde cando vimos traballando sobre Educación Ambiental?

Educación Ambiental ou Educación para o Desenvolvemento Sustentable?

(des)Consideracións sobre a Educación Ambiental nos centros educativos

Unha vez que formulamos as preguntas previas, realizamos unha reflexión sobre a situación da Educación Ambiental nos centros educativos nun marco máis amplo, que teña en conta a educación en xeral, a educación en valores e o ensino dos chamados temas transversais.

Na actualidade, e desde hai varias décadas, a maioría dos países do noso contorno inician uns procesos de reforma, como unha consecuencia ou como unha expresión do desaxuste que semella existir entre as expectativas sociais depositadas na educación e a resposta que a elas dan os sistemas educativos. E é que o sistema educativo é un subsistema aberto, que non pode entenderse sen o seu medio, con el

está nun continuo proceso de interacción, que chega, en ocasións, a unha clara inestabilidade ou a un afastamento permanente do equilibrio. De aí a crise e de aí a reforma, as continuas reformas.

Desde unha perspectiva de desenvolvemento, a Educación Ambiental no sistema educativo non se pode reducir ao tratamento educativo de contidos puntuais, descontextualizados e fragmentados en diferentes disciplinas. Tampouco pode quedar en actuacións esporádicas en forma de campañas, que substitúan un tratamento continuado da problemática existente ou a consolidación de actitudes que favorezan actuacións responsables e solidarias co medio.

No mesmo sentido, a Educación Ambiental no ámbito escolar, se o entendemos como un ámbito de accións intencionadas, non abrangue todas as influencias que o alumno recibe, mais pode darlle os instrumentos necesarios para as interpretar e para as valorar, ademais de propiciar a participación activa e solidaria na solución dos problemas detectados.

A opción por un *deseño curricular aberto* permite dar unha resposta educativa que teña en conta os diferentes contextos en que están encravados os centros escolares. Este enfoque favorece os obxectivos da Educación Ambiental, que son relativos ao fomento dunha toma de contacto coa realidade a partir da formulación de problemas próximos á propia escola.

Por último, nos diferentes niveis de ensino recóllese a ampliación do espazo educativo, a través dunhas actividades e dunhas orientacións que inducen á exploración do ámbito e á intervención frecuente sobre el. En relación con iso, as actividades extraescolares poden perder o seu carácter de complementariedade e articularse plenamente coa educación formal, para aproveitar máis axeitadamente os recursos do medio.

Da teoría á práctica

A Educación Ambiental forma parte do conxunto do currículo nas diferentes áreas e o seu tratamento educativo debe reflectirse nos diferentes momentos ou nos niveis de concreción do currículo, mais non como unha acumulación de contidos, senón como unha perspectiva que impregne unha gran parte deles, para interrelacionar, ademais, os conceptos, os procedementos e as actitudes.

O feito de que a Educación Ambiental, estea presente no currículo é unha condición necesaria, mais non suficiente, para que se impregne a acción educativa dun centro no seu conxunto. Para que así sexa, requírese unha reflexión da comunidade educativa sobre o que significa o estudo deste tema no contexto do centro educativo e é necesario que esta reflexión informe as decisións que tomen no Proxecto Educativo, no Proxecto Curricular e nas Programacións de Aula.

É necesario que o tratamento da transversalidade non se desvirtúe ao se centrar de maneira prioritaria sobre os aspectos disciplinarios, ou sobre os contidos conceptuais, senón que se debe facer analizando, tamén, as decisións que afecten quer á formulación dun concepto de educación en chave de principios e de fins, quer á concreción do estilo da liña docente que o centro vai asumir en coherencia coa formulación dos principios e dos fins.

A Educación Ambiental debe constituír, non unha parcela do traballo escolar, senón un enfoque determinado deste que impregne todas as áreas do currículo desde os primeiros niveis.

O obxectivo primeiro e fundamental da educación debe ser a proporción, aos nenos e ás nenas, aos mozos dun e doutro sexo, dunha formación plena que lles permita conformar a súa propia e esencial identidade, así como a construción dunha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración da ética e da moral desta.

Esta formación plena estará dirixida ao desenvolvemento da súa capacidade para elixir, de xeito crítico e nunha sociedade axioloxicamente plural, uns valores como a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.

Na actualidade vemos que existe unha preocupación crecente por fomentar nos

escolares a competitividade en lugar da competencia, preparando os cidadáns para un mercado, en lugar de ter en conta o interese social unanimemente compartido de educar non só para uns determinados roles produtivos senón tamén para: a tolerancia, a convivencia pacífica e democrática, a participación cidadá, o respecto polos dereitos humanos, o recoñecemento da igualdade entre as persoas, a saúde, a protección do medio, o lecer e a cultura.

Por que e para que a Educación Ambiental no sistema educativo?

A necesidade do tratamento dos contidos transversais, emerxe dunha demanda social, das sociedades desenvolvidas, en relación con situacións problemáticas que se observan no contexto social; con situacións discriminatorias, coa degradación do medio natural, social ou cultural etc.

A incorporación dos contidos transversais leva implícita a integración do coñecemento experiencial (obtido fóra da aula) e do coñecemento académico (obtido na aula), que funcionará como un saber estruturado que facilita a comprensión da realidade.

Permiten tamén múltiples experiencias de adopción de novos enfoques

metodolóxicos nas disciplinas clásicas e, mesmo, reconsideracións epistemolóxicas dalgunhas delas, á luz do tratamento dalgúns destes contidos. Así, por exemplo, no noso país iniciouse xa unha crítica dos negos androcéntricos na filosofía, na historia, na economía etc. e, por tanto, comezan a existir as condicións para poder avanzar nun coñecemento non androcéntrico da creatividade humana.

A Educación Ambiental desenvolve no alumnado unha conciencia crítica que lle permite un protagonismo activo como un cidadán no seu medio natural, social e cultural. Ofrece os coñecementos precisos que potencian no alumnado un compromiso razoado coas opcións vitais máis axeitadas aos valores aceptados nunha sociedade democrática. Axuda a tomar decisións informadas, resiste a presión social e atende valores como o respecto, a xustiza, a cooperación, a solidariedade, a tolerancia ou a igualdade. Potencia estilos de vida saudables que contemplen as dimensións do ser humano referidas ao benestar físico, psíquico, social e de relación co ámbito.

Evolución histórica e situación actual da implantación da Educación Ambiental

Os temas transversais aparecen fundamentalmente da man da Educación para a Saúde, a partir da experiencia europea. O Ministerio de Sanidade comezou a xestionar aqueles programas que lle interesaban e, ao necesitar a maquinaria do Ministerio de Educación e Ciencia para os poder levar a cabo, estableceu a primeira sinatura dun convenio entre ambos os ministerios.

En segundo lugar aparece a Educación Ambiental. Partíase da grande sensibilización da poboación e intentouse copiar o modelo que se tiña levado a cabo en Educación para a Saúde. Fixéronse cursos mixtos ao respecto con docentes/educadores e con axentes forestais e ambientais.

A Educación Ambiental chega ao Ministerio de Educación e Ciencia e, desde aquí, a través dos centros de profesores, realízanse as primeiras actuacións. Estamos arredor do curso 1990/91, cando comezan as primeiras accións.

O obxectivo fundamental, nese momento, é a creación de equipos que teñan actuacións conxuntas no mesmo ámbito da comunidade.

Máis adiante aparecen en escena as comunidades autónomas que, xunto coas unidades de programas das direccións provinciais, comezan a desenvolver uns programas específicos, nomeándose responsables por parte das consellarías correspondentes para colaborar cos centros de profesores.

A Educación Ambiental en secundaria trabállase, nesta primeira época, máis en contidos que en valores. Nunha primeira avaliación conclúese que había que cambiar os procedementos por uns logros máis adaptados á filosofía que se pretendía: a concienciación e o cambio de actitude da comunidade escolar con respecto aos temas ambientais.

Todo iso facíase en mans dos centros de profesores. Creáronse zonas de actuación e chegou á descentralización. Posteriormente desenvolvéronse cursos de perfeccionamento, os cales deron paso a seminarios, de maneira que, na maior parte dos centros educativos, se desenvolveron programas de Educación Ambiental referidos a temáticas diferentes.

Unha vez sensibilizada a poboación, o Ministerio continuou producindo materiais e divulgándoos, aínda que cedeu cada vez máis protagonismo ás comunidades autónomas.

Unha ferramenta para a implantación da EA no sistema educativo: a Subdirección de Formación e o Centro de Desenvolvemento Curricular

Na estratexia para a implantación dos temas transversais, desempeñou un importante papel o Centro de Desenvolvemento Curricular, que produciu unhas iniciativas, uns materiais e unhas campañas que ían desde o Ministerio ás subdireccións deste e ás propias direccións provinciais

As etapas que seguían nesta cadea serían:

- 1º Formación dos responsables das unidades de programa
- 2º Difusión de materiais
- 3º Transmisión ao profesorado

A Subdirección de Formación do Ministerio elaborou un plano que marcaba as liñas xerais que debían ser recollidas nos planos provinciais. O Centro de Desenvolvemento Curricular encargábase da difusión de materiais.

Os pasos para dar serían:

- formación dos asesores técnicos
- elaboración de estratexias para a súa divulgación
- difusión nos centros educativos
- seguimento e avaliación

Educación Ambiental a comezos dun novo século

A planificación e o desenvolvemento de actuacións formativas experimentou nos últimos anos un descenso e, actualmente, áchase nunha situación preocupante, quer polo número de actividades organizadas quer polo número de participantes.

De calquera maneira, convén sinalar que algunhas actividades de formación relacionadas coa Educación Ambiental están moi arraigadas nos centros de profesores e nos centros de educación ambiental, de modo que o profesorado pode achar actuacións formativas, relativas a un “tema transversal” tan relevante na nosa sociedade, sen moita dificultade. Un bo exemplo diso é o CEIDA para Galicia.

A sinatura dos sucesivos convenios entre o Ministerio de Educación e o de Agricultura, posibilitou dar unha formación ao profesorado que coordina os proxectos de Educación Ambiental, aos asesores dos centros de profesores e aos asesores técnicos docentes das unidades de programas educativos no CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental); aínda que o seu papel e a súa funcionalidade actual, merecería unha reflexión á parte.

Son diversos os factores que explican esta situación. Do forte apoio inicial que se veu prestando a esta temática pasamos a unha

situación onde o apoio se centra noutros temas, a miúdo impostos por temáticas máis actuais como a violencia de xénero ou nas aulas... Diminuíron, así mesmo, as accións de formación conxunta para os profesionais dos ámbitos ambiental e docente.

Así pois, o esforzo será dirixido ao mantemento do desenvolvemento adquirido e, para tal efecto, propóñense dous obxectivos básicos:

- a formación complementaria dirixida aos responsables da súa potenciación
- a formación do profesorado, en xeral, mediante estratexias e diversificadas segundo o perfil do profesorado, quer a través de actuacións específicas, quer noutras actividades que poden incorporar os obxectivos e os contidos propios da Educación Ambiental.

A posta en marcha dunhas actividades específicas, que deberán estar incorporadas en cada plano dos centros de profesores e recursos e que estarán, por un lado, encamiñadas á sensibilización de novos colectivos de docentes e, por outro, ao afondamento en aspectos concretos que demanden os grupos de profesorado máis concienciados ou máis motivados e coñecedores dos principios e das estratexias en EA. Como exemplo poderíamos falar de: desenvolvemento sustentable, avaliación en EA, estratexias...

É necesaria a revisión dos planos e das actuacións formativas que se levan a cabo

nos CPR, para mellorar os deseños e a organización das actividades de formación, así como para a correcta incorporación do enfoque educativo-ambiental na totalidade das actividades planificadas.

Por outro lado, mantense como a liña de traballo a elaboración de materiais de apoio á formación do profesorado que posibilite o deseño e a planificación de calquera actuación formativa que se leve a cabo, de forma coherente e que responda aos obxectivos. O tratamento desta temática ten como obxectivo a súa integración de modo transversal no Proxecto Curricular dos centros educativos.

O papel das universidades na Educación Ambiental no sistema educativo

A maior parte das universidades españolas, desde o ano 1995, foron transferidas ás diferentes comunidades autónomas. Ata entón, dependían directamente do Ministerio de Educación e Ciencia, hoxe o Ministerio de Educación, Ciencia e Tecnoloxía. Como o responsable de outorgar os títulos de formación do futuro profesorado, tamén sufriu reformas importantes destinadas a adaptar ou a converter as antigas titulacións que se impartían á nova realidade educativa. Así en 1992 nas escolas universitarias

de formación do profesorado e nas facultades de Educación desaparecían os antigos títulos de Preescolar, Ciencias Humanas, Ciencias e Filoloxía e comezaban a impartirse as de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Física, Linguas Estranxeiras, Educación Musical, Educación Social e Educación Especial, que son acordes xa coas novas formulacións que recollía a LOXSE.

Debo dicir, na miña crenza, que só desde a crítica construtiva é posible lograr avances significativos. As novas titulacións a partir das directrices marcadas polo Ministerio de Educación e Cultura, enténdase desde o Consello de Universidades, non consideraron os temas transversais como unhas materias fundamentais, posto que non apareceron nos novos planos de estudos como materias troncais e obrigatorias, e só grazas ao interese dalgúns dos centros que organizan a docencia se ofreceron e aínda se ofrecen na actualidade, aínda que ben é verdade que como materias optativas e de libre elección. O que quere dicir que só son cursadas por aquel alumnado interesado e sensibilizado nestas materias.

Conviría dicir aquí que, se ben o panorama no que afecta á formación dos docentes non é nada alentador, desenvóléronse nas universidades algunhas experiencias de éxito e exemplares en Educación Ambiental. Tamén é de xustiza sinalar que as universidades, ao longo dos

últimos anos, levaron a cabo un labor investigador importante e unha formación de profesionais que chega, mesmo, ao terceiro grao (doutoramento). Aínda é cedo para recoller os froitos deste labor, mais, sen dúbida, terá unha influencia no futuro.

A xeito de conclusión

Gustárame facer unha última reflexión, se vostedes o permiten. Penso que se comezou a andar, que a primeira inercia é a máis difícil de vencer e que, esta, non só afectou á propia administración senón, principalmente, aos responsables políticos, igual que ao profesorado e ao propio alumnado. Mais, unha vez iniciada a rodaxe desta bóla, o proceso debería ser imparable. Se o rozamento é maior, a bóla irá máis lenta; se conta con axuda, irá máis rápida.

Non estamos ante unha carreira a ningunha parte, estamos nun camiño cara a un futuro en que imperen uns valores como: a tolerancia, a convivencia pacífica e democrática, a participación cidadá, o respecto polos seres humanos, o recoñecemento da igualdade entre as persoas, a saúde e a protección do medio.

Nos últimos días escoito falar con insistencia, desde púlpitos, medios de comunicación ou responsables políticos, da nova materia que formará parte do currículo

do alumnado, trátase da Educación para a Cidadanía e dos seus posibles contidos. Isto lémbreme outros tempos en que falabamos dos denominados temas transversais e, se reflexionamos un pouco sobre iso, rematarei como comecei, coa pregunta:

Non servían os temas transversais para educar a cidadanía?

Referencias bibliográficas:

- BLAS ZABALETA, P. de; HERRERO MOLINO, C. y PARDO DÍAZ, A. (1991): *Respuesta educativa a la crisis ambiental*. Madrid: Centro de Publicaciones del MEC.
- BOLÍVAR, A. (1992): *Los contenidos actitudinales en el currículo de la Reforma*. Madrid: Escuela Española.
- BUSQUETS, M.^a D. y CAINZO, M. (1993): *Los temas transversales: Claves de la formación integral*. Madrid: Aula XXI, Santillana.
- CADUTO, M. J. (1992): *Guía para la enseñanza de valores ambientales*. Madrid : Los Libros de la Catarata.
- CALVO, S. y CORRALIZA, J. A. (1995): *Educación Ambiental: Conceptos y preguntas*. Madrid: Editorial CCS.
- CAÑAL, P. ; GARCÍA, J. E. y PORLAN, R. (1981): *Ecología y escuela. Teoría y práctica de educación ambiental*. Barcelona: Laia
- COLL, C.; SARABIA, B. y VALLS, E. (1992): *Los contenidos de la Reforma. Enseñanza y aprendizaje de conceptos, procedimientos y actitudes*. Madrid: Santillana.
- CONSEJO ESCOLAR DEL ESTADO (1995-2003): *Informes sobre el estado y situación del sistema educativo*. Madrid.
- GARCIA MÍNGUEZ, J. (1992): *Los temas transversales como criterio de calidad educativa*. Granada: Proyecto Sur.
- (1994): "Los ejes transversales del currículum. Una aproximación a la calidad educativa", en *Revista de Ciencias de la Educación*, 157, páxs. 7-18.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M.^a P. (1994): Bibliografía sobre "Temas transversales", en *Revista de Ciencias de la Educación*, ICCE, Madrid, páxs. 421-449.
- LUCINI, F. G. (1993): *Los temas transversales y educación en valores*. Madrid: Alauda.
- MARCHESI, A. y otros (1993): *Los temas transversales en el currículum*. Madrid: Alauda.
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA (1993): *Temas transversales y desarrollo curricular*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia.
- RICO VERCHER, M. (1990): *Educación Ambiental: Diseño curricular*. Madrid: Cincel.
- (1992): *El aprendizaje de valores en Educación Ambiental*. Madrid: MOPT.



Mindelo
Illa de San Vicente-Cabo Verde

© Xacobe Meléndrez